



Concello de Betanzos

Praza de Galicia n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: correo@betanzos.net

Anuncio de notificación no procedemento infrutuoso relativo á xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas.

O Concello de Betanzos fai pública unha notificación relativa ao requirimento de limpeza á titular da parcela que se indica a continuación, logo de resultar infrutuosa, por causas non imputables a esta Administración, a notificación á que se refire o apartado 2 do artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, de conformidade co disposto no artigo 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Expediente:	2025/V001/000045
Referencia catastral:	15009A001009670000EO
Titular:	En investigación
Acto notificado:	Requirimento de limpeza de parcela

As persoas interesadas en coñecer o contido íntegro do acto que se notifica poderán acudir ás oficinas municipais do Concello de Betanzos, sitas na praza de Galicia, 1 (Edificio Arquivo), en horario de 09:00 h a 14:00 h, de luns a venres, no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do BOE. Así mesmo, dispoñen de idéntico prazo para cumprir coa obriga da xestión da biomasa e, de ser o caso, da retirada das especies arbóreas prohibidas.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se faga uso do dereito sinalado, o Concello de Betanzos continuará co expediente segundo o disposto no punto 4.º do artigo 22 da Lei 3/2007 do 9 de abril.

O Concello de Betanzos notifica este acto para os efectos oportunos e sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan alegar o que estimaren oportuno, no prazo de quince días desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOE.

Betanzos, na data que figura á marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela